

Sociabilidade rexurdimentista en Pontevedra

Rexurdimento *sociability in Pontevedra*

Xurxo Martínez González

(SNL do Concello de Redondela / xurxomartinezg@ gmail.com)

Data de recepción: 17/09/2025 – Data de aceptación: 10/11/2025

Os estudos culturais, especificamente os literarios, tenderon a reparar na chamada *historia da literatura*: relación de autores/as, obras, anos de publicación, análises literarias, criterios estéticos etc. Mais cómpre atender, como complemento e non como substitución, á chamada *historia literaria*: imprentas, lugares de publicación, recepción coetánea, paratextos, contexto sociopolítico, biografías, redes de contacto, correspondencia... É dicir, atender máis ao contexto material de produción da obra para procurar liñas de interpretación ou outras formas de aproximarse ao artefacto cultural.

En relación con isto, os estudos socioculturais contan en Galiza cun aparello crítico de enorme lucidez, como é mostra a obra intelectual de Xoán González-Millán. A súa prematura morte impediu unha traxectoria brillante, como así é a súa obra editada. O volume *Resistencia cultural e diferenza histórica* (Sotelo Blanco, 2001) tornouse no manual para as nosas investigacións grazas ás claves interpretativas e ós conceptos sobre os cales traballar.

Un dos capítulos, ou se cadra, unha das disciplinas que máis atención provocaron en González-Millán foi a socioloxía. O estudo da esfera pública e privada (seguindo a Habermas), a sociedade civil (seguindo a Gramsci) e máis o enfoque da historia dende abaixo (seguindo a Thompson) son mostras inequívocas desa preocupación por ofrecer outras ópticas para *ler* a historia da cultura cun claro acento marxista.

Ademais destas referencias intelectuais, empregadas no noso traballo investigador, queremos engadir dende o campo da socioloxía a liña aberta por Maurice Agulhon e o seu concepto de sociabilidade, como forma non só de relación entre persoas senón como espazos de debate político-literario. Este investigador occitano reparou nos cambios producidos antes e despois da Revolución Francesa de 1789 e como as formas de encontro, as normas explícitas ou implícitas, certos regulamentos oficiais ou oficiosos, axudaron a incorporar novas formas de praxe e participación democrática. O respecto á opinión, o debate arredor dos argumentos, a fixación de temas de interese xeral etc. supuxeron un cambio absoluto na mentalidade dunha burguesía ascendente e dunha nobreza crítica co modelo do *Ancien Régime*. En liñas xerais, e tendo en conta as excepcións habidas, os vellos salóns aristocráticos destinados a xogos, bailes ou veladas literarias deixaban paso aos novos cafés burgueses dedicados á polémica política, á acción xornalística e incluso á propia arenga revolucionaria.

Todo este marco teórico abre múltiples posibilidades. Non é cousa agora de deternos en máis fonduras teóricas pero si cómpre partir dun aparello crítico e teórico para abalanzarnos sobre a investigación; termos uns raís conceptuais e metodolóxicos que instiguen a nosa curiosidade mediante preguntas que abran hipóteses e as hipóteses seguiraas a investigación, que as acredite ou non.

Nesta ocasión, logo da necesaria cita aos marcos centrais que dende hai anos fixan a nosa forma de investigar, debemos aclarar que o presente traballo procura ser máis divulgativo e aproximativo do que académico. Polo tanto, o obxectivo é compartir unha serie de datos sobre espazos e persoas da Pontevedra rexurdimentista.

En certo modo fixar a cidade de Pontevedra como espazo xeográfico tamén nos permite falar da importancia do estudo do Rexurdimento a partir dos grupos organizados neses puntos. Malia que o século XIX constitúe o intre fundacional da idea de Galiza, a constitución do noso imaxinario nacional colectivo, aínda fican moitas áreas por traballar e moita documentación por repasar. Pensemos, por caso, no seguinte: cantos traballos minuciosos hai sobre a prensa galega do XIX? Cabezallos monolingües como *O Tío Marcos da Portela*, *A Monteira* ou *O Galiciano* están orfos de teses ou libros polo miúdo. Citamos estes tres porque encaixan con tres grupos rexurdimentistas igualmente orfos de investigación: Ourense, Lugo e Pontevedra.

Desta volta ímonos ocupar, de maneira superficial, na vila do Lérez. Mais non esquezamos que para comprender o Rexurdimento como movemento cívico destinado a *rehabilitar* o país ante os ollos dos seus habitantes (léase: a nación en si, nación para si) debemos comprendelo máis alá dun «espasmo literario» con datas ou libros aquí e acolá. O rexurdimento é política, como ben souberon interpretar dende trincheiras opostas Emilia Pardo Bazán e Manuel Murguía. E para isto, para estudar na súa globalidade, faise necesario ler, estudar e interpretar tamén o material escrito en castelán na prensa, nos libros ou nas cartas. Prensa que, como *La Oliva* e *El Miño*, foron fulcrais para a renacementa. Coma esta prensa tanta outra en tantas outras cidades á espera, como dicimos, de ser motivo de tese.

1. Tres datas para os Xogos Florais: 1861 – 1880 – 1886

Pontevedra estaba chamada a ser o primeiro lugar en celebrar uns Xogos Florais ao estilo dos celebrados en 1859 na capital de Cataluña, Barcelona. Uns xogos recuperados a partir daqueles certames medievais da vella Occitania e despois copiados na Coroa de Aragón, pero que non chegaron a ter eco no reino galego malia a importante creación da nosa literatura medieval.

Apenas un mes despois dos Xogos Florais da Coruña, que logo contarían coa publicación das obras premiadas e unha colección de vates contemporáneos (*Álbum de la Caridad*) grazas á xenerosidade de López Cortón pero tamén á colosal tarefa

dos irmáns De la Iglesia; dicíamos, que semanas despois, no contexto das Festas da Peregrina, se celebrou este concurso literario na cidade do Teucro.

A celebración, organizada polo dinámico *El Liceo Artístico y Literario de Pontevedra*, aconteceu nun antigo teatro existente na rúa da Princesa. No estrado, como parte do decorado simbólico, había dous retratos: Sarmiento e o Padre Feijóo, quen pasaron polo mosteiro do Lérez alá no outeiro da outra banda do río.

O encargado de abrir a sesión foi Marcial Valladares, autor da primeira novela en lingua galega pero tamén de tanta outra obra de interese lingüístico e etnográfico. No xurado atopamos homes que integraron o círculo rexurdimentista local: Antolín Esperón, Emilio Álvarez Giménez, Luís Rodríguez Seoane, Manuel Ángel Couto ou Xoán Cuveiro. Estes dous últimos, excombatentes da Revolución de 1846 e vítimas da represión monárquica. No medio da nómina de activistas pontevedreses atopamos ao entón director d'*El Miño*, o xornal máis importante do Rexurdimento, e editor das primeiras obras do matrimonio Murguía de Castro (caso cimeiro dos *Cantares gallegos*, de Rosalía), Juan Compañel Rivas.

Os textos premiados foron publicados posteriormente. Porén, e a diferenza da Coruña, ningún en galego recibiu galardón. E, aínda todo, na Coruña como é sabido gañou Francisco Añón co poema «A Galicia» malia a polémica pola republicana musicalidade do texto; é dicir, o poema segue o ritmo do Himno de Riego.

Os rexurdimentistas do Lérez volveron convocar os Xogos en 1880. A organización sucede nun particular clima de tensión político-cultural. A República de 1873 fora derrocada vía militar para auspiciar, mediante golpe de estado, ao monarca Alfonso XII e comezar unha silenciosa pero efectiva represión que levaría ao exilio a persoas como o citado Compañel. Por outra parte, o rexionalismo político organizábase como forza propia distinguíndose e logo escindíndose das familias do republicanismo federal. Cataluña ofrécese como o outro polo da tensión centro-periferia, aos ollos de Madrid como metonimia de España.

O debate político sobre a emerxencia de partidos ou organizacións exclusivamente ligadas a un territorio concreto tocou de cheo a cuestión cultural e, en particular, a lingüística na medida en que a lingua acada neste período finisecular un poder supralingüístico. A lingua pasa a ser a bandeira da nación tanto para un Cánovas del Castillo no caso español, como para Almirall en Cataluña ou Murguía en Galiza.

En 1880 os rexurdimentistas de Pontevedra convocan uns Xogos Florais abertamente políticos e ateigados de simbolismo. Para comezar, o padriño do acto foi Antonio Romero Ortiz, exdirixente da Revolución Galega de 1846, vítima da represión e exministro da República. No tribunal atopamos nomes senlleiros do republicanismo, progresismo e rexionalismo en conformación como son Alejandro Chao, Manuel Curros Enríquez, Luís Rodríguez Seoane, Saco Arce ou Valentín Lamas Carvajal.

Nos seguintes anos viñeron outras edicións do referido certame floreal pero queremos salientar o acontecido en 1886. O seu impacto traspasou as fronteiras galegas por mor do discurso doutrinal, en termos políticos e culturais, dado por

Murguía. E acontecía de novo nun contexto particular que, de forma moi resumida, explicaremos.

En xullo de 1885 morría Rosalía de Castro. En setembro dese mesmo ano, Emilia Pardo Bazán pronuncia un discurso altamente aldraxante á memoria e á obra en galego da propia homenaxeada. Faino dende unha tribuna de prestixio so o beneplácito dunha das figuras máis sobresaíntes daquela España: Emilio Castelar, quen prologara precisamente *Follas novas*. Murguía, o viúvo, non asiste pero gárdase a resposta daquelas teses expostas pola Condesa para expresalas nun contexto igualmente memorable como é o Teatro Principal de Pontevedra dentro do programa das Festas da Peregrina e organizado pola redacción dun xornal monolingüe como foi *O Galiciano*; e ten moita importancia este dato se pensamos que nesa altura existían numerosas voces que consideraban o galego unha lingua inhabilitada para a prosa pois o seu lugar, como se for unha koiné, era a poesía de limitada temática: costumismo, tipismo etc.

Murguía proclamará entón un lema que se faría célebre: «las lenguas son las verdaderas banderas nacionales. Conservemos la nuestra y peleemos en su nombre y a su sombra». A arenga de acento nacionalista trasladaría á prensa un forte debate sobre que supoñía o rexionalismo, que implicaba a nivel identitario e que conflito abría con España. O discurso de Murguía cremos que foi, como ten sinalado Ramón Maiz nun libro pouco citado nos estudos rexurdimentistas pero fundamental como foi *O rexionalismo galego* (1984), o chamamento público a organizar dende os bastións políticos a defensa nacional de Galiza.

2. *El Liceo – El País*

A vida asociativa arrancou á par dos cambios sociopolíticos acontecidos a fins do XVIII e inicios do XIX. Referímonos ao ascenso da burguesía como clase social dirixente e ao enterro do absolutismo grazas ás pas do liberalismo. A burguesía trouxo consigo novas formas de socialización como foron os cafés nos espazos públicos pero tamén as formas asociativas regulamentadas; a chamada sociabilidade formal. Así naceron os liceos, casinos, sociedades...

El Liceo Artístico y Literario de Pontevedra naceu un 25 de febreiro de 1855. Entre os promotores e socios máis activos encontrámonos cos irmáns Rodríguez Seoane, o médico José López de la Vega, Francisco Fernández Anciles... e tamén mulleres coma Ramona Simán, Elisa Couto ou Emilia Cousiño.

Os primeiros encontros do novo liceo fixéronse na casa de López Salazar e despois no pazo de Gago Montenegro. Xa en 1858 fixarían a sede no pazo dos condes de San Román. As actividades eran numerosas: veladas literarias, teatro, concertos... e tamén un lugar para o debate. Nunha sala, bautizada polos protagonistas como «salón dos profetas», reuníanse para opinar sobre un tema

proposto con anterioridade. Esta práctica, vista hoxe como algo normal, daquela era novidosa.

As actividades eran anunciadas e comentadas nas páxinas do xornal rexurdimentista *El País* (1857), a cargo dos irmáns Rodríguez Seoane e Francisco Fernández Anciles, que publica un interesantísimo artigo titulado «Importancia que debe darse al dialecto gallego».

3. Outros espazos de sociabilidade rexurdimentista

A burguesía amosou interese pola formación letrada das súas familias. O senso da cultura e a carreira na educación universitaria supoñía engadir un prestixio á estirpe. O proceso de deseño do sistema liberal respondeu a esta preocupación. Así explícanse os debates e posterior aprobación das primeiras leis de ensino de maneira que regulase o sistema educativo.

Á súa vez, o profesorado que conformaba os claustros do ensino superior adoitaban nutrirse de persoas respectables entre pares, con formación letrada e participación na esfera pública (fose por medio dos liceos, círculos recreativos, casinos ou incluso a política). Por este motivo o centro educativo conformou un lugar de sociabilidade culta.

O Instituto de Pontevedra contou na segunda metade do XIX cun cadro de mestres relacionado co Rexurdimento. Por exemplo, o mencionado Francisco Fernández Anciles impartiu aulas. Doutor en Medicina e Cirurxía pola Universidade Central de Madrid, mostrouse como home de compromiso cívico, ao formar parte da sociedade abolicionista da escravitude fundada en Pontevedra, por citar un caso. Á súa morte houbo un regueiro de xente acompañando.

Por outra parte, Anciles fixo pública a súa preocupación polo país e a súa identidade. En particular, pola lingua e pola unidade do pobo galego á hora de reclamar os seus dereitos como un suxeito único. Ademais, o seu fillo Heliodoro Fernández Gastañaduy foi un dos membros fundadores das Irmandades da Fala na vila do Lérez.

Antonio Valenzuela, de coñecido selo progresista-republicano, era doutor en Xurisprudencia pola USC. Nos tempos universitarios colaborou coa revolucionaria revista *El Porvenir* (1845), dirixida polo Antolín Faraldo alma e mente da revolución de 1846. A súa afección polas ciencias (en particular pola mineraloxía e a xeoloxía) levárono a ocupar a materia de Historia Natural no instituto pontevedrés. Deixaría a praza ao negarse a aceptar unha obrigada «vasalaxe» ao réxime do xeneral Narváez.

Emilio Álvarez Giménez, o primeiro dunha estirpe vencellada até hoxe no compromiso con Galiza (Álvares Limeses, Álvarez Blázquez, Álvarez Cáccamo), chegou dende a irredenta e arraiana A Pobra de Seabra para asumir a disciplina de estudos clásicos no Instituto de Pontevedra. Ademais de colaborar na prensa e na

vida asociativa local, deixounos unha biografía sobre Sarmiento e algúns textos en galego, como a novela *Mari-Castaña. Unha revolta popular* ou *Refranero gallego*.

Agora saltemos de espazo para poñer os ollos na música popular galega, nos estertores do romanticismo cultural cando Perfecto Feijoo se propuxo fundar un coro: *Aires d'a Terra*. Neste ano de 1883 Pontevedra contemplaría o nacemento dun coro cun modelo a seguir para toda Galiza, como axiña así sucederá. O *atrezzo*, a música, o baile ou a lingua avivaron o interese pola cultura galega entre as elites ilustradas da cidade. Arredor deste coro e despois orfeóns ou agrupacións musicais prodúcese outro tipo de sociabilidade que debemos considerar para comprender a importancia da música como elemento difusor da literatura galega. Pensemos que poemas coma «Negra sombra» de Rosalía ou «Cántiga» de Curros foron popularizados grazas ás partituras e ao canto. Moitas persoas analfabetas aprendían de memoria os versos que cantaban en festas ou ocasións sinaladas. Pensemos na importancia que tiñan entre as colonias emigradas en América, coma Cuba ou Arxentina. E foi en Madrid, tamén terra de emigración, onde se presentaría o citado coro *Aires d'a Terra* dirixido polo boticario Feijoo, o dono do famoso papagaio Ravachol con estatua aos pés da Peregrina.

En 1919, cando as Irmandades da Fala realicen un traballo sistemático orientado a facer de Galiza unha nación con conciencia de seu, os coros do país chegan a Pontevedra para homenaxear a Perfecto Feijoo. Aquel día nomeárono presidente de honra de todos os coros galegos, aquí e alén mar. E en Pontevedra, na polifónica, cantarían persoas coma Antón Losada Diéguez, Antonio Iglesia Vilarelle, Alexandre Bóveda ou Castelao.

Finalmente quedanos un espazo de sociabilidade informal, tan recorrente no XIX como foron as reboticas: a imprenta. Porén, o seu estudo ou a bibliografía resulta menor. Na Pontevedra decimonónica existiron varias tipografías e imprentas. De entre elas destacaremos, pola súa relación coa lingua, a rexentada polos irmáns José e Primitivo Vilas xa que gañaron un lugar nas páxinas da nosa historia ao imprimir *A gaita gallega* (1853), de Xoán Manuel Pintos, e as *Coplas* (1859), de Sarmiento.

Os Vilas militaban no liberalismo progresista. Primitivo, morto contra 1854, iniciouse no oficio como caixista. Pero en 1849 os irmáns fixéronse cunha imprenta sita na actual rúa Isabel II. Dende alí imprimirían prensa, libros, folletos... sendo unha das casas editoriais e impresoras máis activas no ecuador do XIX. Tras a morte de Primitivo, o negocio continuou baixo a dirección de José. O citado xornal rexurdimentista *El País* ou *El Gallego* saíron deste obradoiro.

Antes de pechar esta epígrafe permitirásenos o seguinte dato: José Vilas casou con Juana Portela. O matrimonio tomaría como fillo Manuel Portela Valladares (sobriño da muller) tras a morte do seu pai. Como é coñecido, Portela Valladares tería unha luminescente carreira pública como dirixente agrarista, deputado, fundador e propietario d'*El Pueblo Gallego* e presidente do Goberno durante a democrática II República, vítima da barbarie feixista do Franco aliado de Hitler e Mussolini.

4. Biografías pendentes de investigación

Ademais de comentar algúns aspectos sobre os espazos de encontro dos rexurdimentistas pontevedreses, tamén queremos facer cando menos mención e engadir algúns datos que animen a afondar nas biografías das seguintes persoas.

Os irmáns Rodríguez Seoane foron unha activa parella na vida sociocultural e política de Pontevedra. Luís, doutor en Medicina, era o máis vello. A súa sona comezou dende cedo ao participar, canda Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal, nos brindes do Banquete de Conxo (1856). O brinde de Luís, por certo, tivemos a fortuna de atopalo entre vellos papeis da Biblioteca Nacional. Reimprimiuse na segunda edición do libro colectivo *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (Alvarellos, 2019), garantindo así o acceso aos tres brindes pronunciados na primavera do 56.

Luís tamén publicaría poemas en galego e castelán ao longo de toda a súa vida que se poden consultar no volume *Mis ideales. Poesías* (1902), e outros dispersos en xornais e inéditos en fondos ou arquivos. A súa sinatura aparece decote na prensa galega, en particular na pontevedresa: *El País*, *El Buscapié* ou *La Perseverancia*. En todo caso, a súa participación na esfera pública percorrería polos vieiros políticos: membro da xunta revolucionaria de 1868, deputado en Cortes, senador, gobernador civil...

Pola contra, a vida de José apuntaba un camiño certo polos eidos da filoloxía galega. A súa prematura morte supuxo unha enorme perda para a cultura de Galiza, como explicou Juan Compañel na necrolóxica que lle dedica dende as páxinas d'*El Miño*.

José, estudante da *Escuela Superior de Diplomacia* en Madrid, trabou amizade co Duque de Fernandina. A través del puido acceder aos fondos bibliotecarios desa casa nobiliaria. Alí atopouse coa voluminosa *Obra de 660 pregos* (editada polo Consello da Cultura Galega e proba do hercúleo saber de Sarmiento).

Compañel, no referido artigo fúnebre, referíase con loas aos traballos inconclusos que José preparaba (inéditos deica hoxe, acaso perdidos para sempre). En concreto, a preparación dun dicionario e dunha gramática galegas. Un dato referendado polo seu irmán Luís na introdución ao recompilatorio de artigos publicados polo seu irmán co título *Artículos y novelas* (1889), saído da benéfica iniciativa da *Biblioteca Gallega* lanzada polo maragato Andrés Martínez Salazar dende A Coruña e á calor desa luz nacionalista irradiada por Manuel Murguía.

Por outra parte, atopámonos cun nome pouco coñecido ou frecuentado dentro dos estudos culturais pero que tivo un especial protagonismo arredor da lingua e do patrimonio en Pontevedra. Referímonos a Roxelio Lois, home de acción e activista continuado en campañas varias. Por exemplo, no impulso á creación da *Asociación Protectora de la Clase Obrera* ou na convocatoria feita para o 16 de setembro de 1889 para protexer as ruínas de San Domingos que acabaría por fixar os

cimentos da *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, presidida polo choqueiro Casto Sampedro, e que foi preludio do actual Museo de Pontevedra.

Roxelio deixounos unha ampla obra en galego, de cuestionable calidade literaria pero con datos de interese arredor dos costumes ou da cultura popular. Libros que tamén gardan un certo interese lexicográfico polo uso de xiros ou dialectalismos.

Queremos, para pechar este traballo, referirnos a unha vida marcada pola militancia política e pola represión padecida por mor da súa participación na Revolución de 1846. Unha revolución cunhas consecuencias que atravesan toda a historia do XIX. Porque a feroz represión, censura e persecución de que foron obxecto os progresistas, republicanos e provincialistas galegos non tivo parangón noutra etapa da convulsa centuria. Os informes, interrogatorios ou libros publicados nesa época que devagar van saíndo á luz tras un traballo de pescuda arquivística, testemuñan deica cal punto as represalias operadas dende o poder limitaron, condicionaron e estableceron unha certa autocensura na esfera pública literaria e política galega.

Nos sucesos subversivos de 1846 na cidade de Pontevedra atopamos a Xoán Cuveiro Piñol. Malia ser coruñés de nacemento, Cuveiro residiu na cidade do Lérez ao acceder a un posto de funcionario do estado. Militante radical do progresismo, combateu na Milicia Nacional contra os carlistas e participou de maneira activa nas revolucións de orientación progresista de 1840, 43, 46 e 54. A Milicia Nacional, que viña ser unha sorte de brazo armado do pobo, aparécesenos como un posíbel obxecto de estudo ao cal aplicarlle o concepto de sociabilidade.

Cuveiro, exiliado e logo amnistiado, amosou unha inxuedanza cultural notable. As procuras arqueolóxicas déronlle bos resultados. Parte dese patrimonio descuberto atópase hoxe no Museo Arqueolóxico de Madrid. Mais será no espazo literario onde deixará máis pegada. Primeiro, por participar nos primeiros xornais publicados en Pontevedra, como *Las Musas del Lérez* (1842); por fundar e dirixir *El Libre Pontevedrés* (1854); segundo, por ser autor de obras coma *El habla gallega* (1868) ou o *Diccionario gallego* (1876); terceiro, por escribir unha peza dramática, *Pedro Madruga, drama histórico* (1897); e, por último, por ter librería na Praza da Ferreiría onde houbo parladoiro e espazo de conspiración.

Deica aquí. Oxalá estas notas animen á investigación máis detida e minuciosa sobre os círculos rexurdimentistas de Pontevedra e as actividades, espazos de encontro ou recuperación de escritos inéditos tras o estudo das peripecias biográficas dos protagonistas. Nós tan só quixemos cumprir con aquel mandato con que se iluminaba as aulas da primeirísima *Real Sociedad Económica del País de Santiago de Compostela*, lugar de pulsión liberal contra o absolutismo alá por finais do XVIII: *sapere aude!*